

SOBRE O PROXECTO “GLOSARIO CRÍTICO DA LÍRICA PROFANA GALEGO-PORTUGUESA”*

*Manuel Ferreiro
Universidade da Coruña*

SOBRE NECESIDADES E FINALIDADES

Máis de cento cincuenta anos de traballo sobre o trobadorismo galego-portugués supuxeron un avance realmente importante no coñecemento da textualidade e do léxico das nosas cantigas medievais. Porén, ao longo de décadas de investigación da nosa lírica antiga non foi elaborado ningún glosario completo e exhaustivo do corpus profano galego-portugués medieval (nin sequera por xéneros), e as aproximacións existentes, parciais e incompletas, foron realizadas a partir dunha textualidade dubidosa e contradictoria nalgúns casos; no entanto, diferente é o que acontece coa lírica relixiosa, as *Cantigas de Santa Maria*, ou con algunhas obras doutro teor, no ámbito prosístico¹. Esta situación contrasta coa compartida percepción sobre a necesidade do glosario da lírica profana, que constituiría un recurso fundamental para a investigación sobre o noso lirismo medieval; por citar un único exemplo, lémbrense as palabras que, hai xa vinte e cinco anos, escribiu José Luís Rodríguez: “são urgentes edições fidedignas de todos os textos medievais galego-portugueses, com léxicos em que figurem todas as recorrências, ou –muito preferivelmente– concordâncias, para, por meio do comparativismo linguístico, tirar conclusões mais seguras”².

* A idea desta proposta é un resultado indirecto do proxecto de investigación coordinado *Cancioneiros galego-portugueses. Edición crítica e estudo (en formato impreso e electrónico)*. Subproxecto UDC: *As cantigas do segundo cancionero aristocrático galego-portugués* (PGIDIT06CSC20401PR), subvencionado pola Dirección Xeral de Innovación Tecnolóxica da Consellería de Industria da Xunta de Galicia.

¹ Vid. W. Mettmann (ed.), Afonso X, o Sábio, *Cantigas de Santa Maria*, Vol. IV: *Glossário*, Coimbra: Universidade, 1972. No ámbito da prosa, vid., por exemplo, R. Lorenzo (ed.), *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, 1974, Vol. II: *Glosario*; ou A. Magne (ed.), *A Demanda do Santo Graal*, Rio de Janeiro: Imprensa Nacional, 1944, Vol. III: *Glossário*.

² Cf. J. L. Rodríguez, “Castelhanismos no galego-português de Afonso X”, *Boletim de Filologia*, Lisboa, XXVIII, 1983, p. 18.

A finalidade última do proxecto que estamos a presentar é, pois, a construción do glosario dicionarizado, contextualizado e exhaustivo, do corpus da lírica profana galego-portuguesa, constituído polas arredor de 1680 cantigas transmitidas fundamentalmente polos apógrafos manuscritos do Cancioneiro da Ajuda (catrocentista) e os quíñentistas italianos Cancioneiro da Biblioteca Nacional e Cancioneiro da Vaticana, para alén doutros manuscritos de menor extensión, pero moi importantes, como o Pergamiño Vindel ou o fragmento Sharrer, entre outros.

Por outra parte, a elaboración do “dicionario” da lírica profana galego-portuguesa levará necesariamente consigo o estudo lingüístico global dunha lingua literaria que, a pesar de formalizada e escolástica, foi utilizada durante o século XIII e metade do XIV, coas conseguíntes variacións e evolucións diastráticas, diatópicas e diacrónicas. É obvio, ademais, que este estudo deberá ser abordado tendo en conta os condicionamentos de carácter métrico, estilístico e retórico do seu uso como lingua poética. E é tamén obvio que unha finalidade colateral pero imprescindible conduce á revisión crítica da fixación tradicional da vulgata editorial do corpus, de maneira que a elaboración do glosario realimentará transitivamente a lectura e a interpretación dos textos trobadorescos.

Os únicos repertorios lexicais de entidade existentes até hoxe son os seguintes: a) O magnífico glosario, necesariamente parcial, a partir da edición (e reconstrución do arquetipo) do Cancioneiro da Ajuda realizada en 1904 por Carolina Michaëlis de Vasconcelos³; b) Os glosarios, extremadamente selectivos e limitados, das edicións de xénero elaborados por José Joaquim Nunes para as cantigas de amigo⁴ e Manuel Rodrigues Lapa para as cantigas de escarnio e maldizer⁵; c) Os glosarios existentes en parte das edicións críticas da obra daqueles trobadores estudados individualmente, que foron, ou van ser, incorporados á compilación realizada polo *Dicionario de dicionarios do galego medieval*⁶.

A parte destes vocabularios *ad hoc*, existen, como é lóxico, glosarios de obras en prosa, onde resulta modélico o elaborado por Ramón Lorenzo para a tradución galega da *Crónica General* e da *Crónica de Castilla*, que incorpora nas entradas dicionariadas referencias a documentación trobadorescas.

³ C. Michaëlis de Vasconcelos (ed.), *Cancioneiro da Ajuda*, Halle a. S.: Niemeyer, 1904 (reimpr. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1990), vol. I; o *Glossário* foi acrescentado na reedición da obra a partir da súa publicación na *Revista Lusitana*: “Glossário do Cancioneiro de Ajuda”, *Revista Lusitana*, XXIII, 1-4, 1920, pp. 1-95).

⁴ J. J. Nunes (ed.), *Cantigas de Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*, Lisboa: Centro do Livro Brasileiro, 1973 [1928, 1ª ed.], vol. III (*Comentário, Variantes e Glossário*), pp. 575-704.

⁵ M. Rodrigues Lapa (ed.), *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*, Vigo: Galaxia, 1970². O glosario foi incorporado á segunda edición procedente dunha publicación inicial en opúsculo (Vigo: Galaxia, 1965).

⁶ E. González Seoane (dir.) – M. Álvarez de la Granja – A. I. Boullón Agrelo, *Dicionario de dicionarios do galego medieval*, Santiago de Compostela: Universidade, 2006.

Sen diminuír o mérito e a utilidade dos glosarios existentes da lírica profana, é absolutamente certo que todos eles, parciais, limitados e en ocasións anticuados, parten dunha fixación textual actualmente superada en non poucos casos. Ao mesmo tempo, a propia inexistencia do glosario global e exhaustivo da escola trobadoresca explica unha pequena parte das deficiencias textuais que aínda se manteñen na vulgata que actualmente funciona como tal, a pesar dos problemas da súa elaboración⁷: a constituída pola edición coordinada pola profesora Mercedes Brea, co título *Lírica Profana Medieval Galego-Portuguesa*, e publicada en dous volumes polo centro “Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades”⁸.

Probabelmente ligado a esta situación, está o feito de que aínda non se conte cun estudo sistemático de referencia sobre a lingua lírica trobadoresca. E, insistimos de novo, estas carencias inflúen decisivamente en bastantes problemas textuais que o noso corpus lírico mostra tal como nos é presentado na referida vulgata, porque, como editores, partimos da premisa de que a existencia dun glosario completo resulta un instrumento imprescindible para unha correcta aplicación dos métodos da crítica textual, ao tempo que permitirá sentar unhas bases firmes para a resolución dalgúns *loci critici* mais tamén para o coñecemento máis apurado da lingua dos trobadores.

SOBRE A REALIZACIÓN DO PROXECTO: PASOS E DIFICULTADES

O proxecto, tal como está concibido, vai ser realizado cun plano de traballo que contempla cinco etapas que, a seguir, expomos:

1. Ordenación, delimitación e preparación inicial do corpus. É esta unha tarefa, previa á elaboración do glosario, que esixe diversos pasos:

a) Ordenación de todas as cantigas co sistema referencial de Jean Marie d’Heur, que, fronte á numeración de Giuseppe Tavani, utiliza un criterio repertorial de maior lóxica e facilidade referencial, establecendo unha secuenciación numérica que parte da colocación dos textos nos cancioneiros, de maneira que resulta máis eficaz e clara para calquera consideración de tipo xenérico e lingüístico⁹.

b) A delimitación do corpus, que estará constituído por toda a produción poética trobadoresca profana en galego-portugués, o que leva a excluír as rubricas, a cantiga en provenzal (449), os versos en provenzal das cantigas 475 e 869, dúas cantigas en castelán (467, 623), a cantiga 462 (e talvez a 463)

⁷ Véxanse os comentarios críticos de X. B. Arias Freixedo e X. M. Gómez Clemente en “Publicacións sobre literatura medieval galega”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, Vigo: Galaxia, 1997, pp. 179-181.

⁸ M. Brea (coord.), *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996.

⁹ Utilizaremos o repertorio de D’Heur tal como é presentado en J. M. Montero Santalla, *As Rimas da Poesía Trobadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*, Coruña: Universidade, 2000, vol. I, pp. 55-101 [Tese de Doutoramento inédita].

por se corresponder co texto nº 40 das *Cantigas de Santa María*, así como, finalmente, as cantigas tardías incrustadas no corpus (622, 799, 816, 822, 972, 1077, 1079, 1124b?, 1178, 1179, 1180, 1181).

c) Revisión e acomodación ‘formal’ previa do corpus antes do tratamento informático, coa aplicación coidadosa das *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa*¹⁰ para a “regularización” gráfica (sempre coa máis escrupulosa fidelidade á realidade textual) do material de base, que non alterará a substancia lingüística do corpus e facilitará enormemente o tratamento unitario e informático e os seus resultados.

d) Revisión coidadosa (non nova edición, que está fóra das posibilidades deste proxecto!) e *aggiornamento* editorial da actual vulgata da lírica profana galego-portuguesa en confronto cos manuscritos, coa incorporación dos avances que propoñen edicións críticas non contempladas nesa publicación (por seren posteriores): neste apartado adquire especial importancia cuantitativa a relativa ao xénero da cantiga de amigo, editado en 2003¹¹, mais tamén novas edicións que afectan a importantes autores: Vasco Gil¹², Paai Soarez de Taveirós¹³, Nuno Fernandez Torneol¹⁴, os poetas de Vigo¹⁵, Afonso X¹⁶, Afonso Sanchez¹⁷, os primeiros trobadores¹⁸, Gonçal’Eanes do Vinhal¹⁹, Joan Vaazquiz de Talaveira²⁰, Pero Mendiz da Fonseca²¹ etc.

Mais esta **relectura** global da textualidade, con estratexias conxuntas para todo o corpus, leva consigo unha outra tarefa de revisión das cantigas procedentes do cancionero da Ajuda, que en moitas das edicións críticas están fixadas fundamentalmente a partir dos apógrafos italianos: é intención nosa

¹⁰ M. Ferreiro – C. P. Martínez Pereiro – L. Tato Fontaiña (eds.), *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa / Guidelines for the Edition of Medieval Galician-Portuguese Troubadour Poetry*, Coruña: Universidade, 2007, resultado do traballo derivado do *I Coloquio sobre Crítica Textual. A Edición da Poesía Trobadoresca en Galiza* (Illa de San Simón. 22-23 de xuño de 2006). Véxase, tamén, M. Ferreiro – C. P. Martínez Pereiro – L. Tato Fontaiña (eds.), *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza*, Coruña: Baía, 2008, pp. 197-212.

¹¹ R. Cohen (ed.), *500 Cantigas d’Amigo*, Lisboa: Campo das Letras, 2003.

¹² M. Piccat (ed.), *Il canzoniere di Don Vasco Gil*, Bari: Adriatica Editrice, 1995.

¹³ G. Vallín (ed.), *Las cantigas de Pay Soarez de Taveirós*, Barcelona: Universidad Autónoma, 1995.

¹⁴ P. R. Sodr  (ed.), *Um trovador na berlinda: As cantigas de amigo de Nuno Fernandez Torneol*, Cotia/SP:  bis, 1998.

¹⁵ VV.AA., *Cantigas do Mar de Vigo. Edici n cr tica das cantigas de Meendinho, Johan de Cangas e Martin Codax*, Santiago de Compostela: Centro Ram n Pi eiro para a investigaci n en Humanidades, 1998.

¹⁶ J. Paredes (ed.), *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio*. Edici n cr tica con introducci n, notas y glosario, Roma: Japadre, 2001.

¹⁷ M. Arbor Aldea (ed.), *O cancionero de don Afonso Sanchez. Edici n e estudio*, Santiago de Compostela: Universidade, 2001.

¹⁸ J. C. Miranda, *Aurs mesclatz ab argen. Sobre a primeira gera o de trovadores galego-portugueses*, Porto: Guarecer, 2004.

¹⁹ A. Vi ez S nchez (ed.), *El trovador Gon al’Eanes Dovinhal. Estudio hist rico y edici n*, Santiago de Compostela: Universidade, 2004 (Anexo 55 de *Verba*).

²⁰ R. Fregonese (ed.), *Joham Vaazquiz de Talaveyra. Poesie e tenzoni*, Fregene: Spolia, 2007.

²¹ L. Tato Fontaiña (ed.), *O Cancionero de Pero Mendiz da Fonseca*, Santiago de Compostela: Centro Ram n Pi eiro para a Investigaci n en Humanidades, 2007.

dar preeminencia a *A* fronte a *BV*, o cal incidirá na fixación textual e nos conseguíntes resultados reflectidos no glosario; pola mesma razón, para as cantigas de Martin Codax as leccións do pergamiño Vindel serán preferidas ás dos apógrafos italianos.

A revisión non pretende tanto rectificar lecturas (algunhas serán inevitabelmente mudadas por todo o exposto) como practicar unha política editorial única a todo o corpus, con, por exemplo, respecto polos hiatos gráficos (*ũu, bõo, sõo...*) –para poder estudar o comportamento evolutivo das secuencias vocálicas–, ou con tratamento coherente da nasalidade, mantendo, en definitiva, toda a variedade lingüística que os textos presentan, sen efectuar nivelacións idiomáticas que historicamente se practicaron (*ma / mia, mí / min, me / mi, mas / mais, quera / queira, garda / guarda, pora / pera...*).

E para alén de cuestións lingüísticas, o proceso de “formalización” do corpus levará consigo unha política coherente na utilización sistemática de colchetes para reintegracións, un uso criterioso das aspas e dos trazos dialogais, unha utilización mesurada pero firme dos tiles diacríticos que eviten ambigüidades (fundamentais en *én/en* e *máis/mais*, entre outros casos), así como a desconsideración de reconstrucións imaxinativas que non poden ser incorporados ao glosario xeral da lírica profana galego-portuguesa, ao tempo que serán indicadas con asterisco as formas que se consideren especialmente dubidasas²².

2. Consecución y aplicación de un programa informático de concordancias *ad hoc*. No relativo ás técnicas informáticas para a elaboración do glosario, sendo evidente que existen numerosos programas de concordancias de aplicabilidade xeral, non é menos certo que a especificidade do corpus esixe o deseño dun programa de concordancias específico para o correcto tratamento informático dos materiais lingüístico-literarios a procesar.

Estase a traballar nun programa que contemple todo tipo de marcas gráficas (fundamentalmente colchetes e todo tipo de acentos), de modo que sexa simple, rápido, adaptado ao corpus e versátil, para que se poidan introducir progresivamente novas instrucións e especificacións.

3. A elaboración do “diccionario” exhaustivo da lírica profana galego-portuguesa. Este glosario inspirarase basicamente na metodoloxía de confección de dicionarios convencionais, coas adaptacións e tamén as limitacións que un vocabulario deste tipo conleva: corpus cerrado, problemas interpretativos, ambigüidade de tipo expresivo-literario etc. A partir do material lingüístico resultante tratado por medios informáticos (necesariamente desordenado e con numerosos problemas de ambigüidade), determinaranse coa máxima clareza o modelo e a tipoloxía das entradas do glosario e delimitaranse equilibradamente os contextos pertinentes para cada tipo de voz: a) As entradas lexicais, coa maior especificación semántica posíbel, estruturada en

²² Como é obvio, será necesaria a elaboración dun capítulo de variacións textuais substantivas (non gráficas) a respecto da vulgata que inevitabelmente deberá preceder o glosario propiamente dito.

acepcións, e os correspondentes contextos que se procurarán exhaustivos; así mesmo, nas entradas verbais, será tamén reflectido todo o paradigma conxugacional presente no corpus; b) As entradas das palabras gramaticais, con indicación de uso, réxime preposicional etc.

En calquera caso, a metodoloxía de referencia para este traballo partirá dos glosarios elaborados previamente, fundamentalmente o de Walter Mettmann para as *Cantigas de Santa María*, o de Carolina Michaëlis de Vasconcelos para o *Cancioneiro da Ajuda* e algúns concretos presentes en edicións críticas de autores individuais que presentan un modelo perfectamente aceptábel para ser aplicado, coas oportunas adaptacións, ao conxunto da produción lírica trobadoresca galego-portuguesa.

Unha cuestión non menor é a delimitación definitiva das entradas, de modo que se deberá optar pola agrupación de variantes (*me~mi, mí~min, peor~peior, guardar~aguardar...*) ou, en caso contrario, por entradas diferentes para cada forma lingüisticamente individualizada (*me* vs. *mi, mí* vs. *min, peor* vs. *peior...*), ou, mesmo, diferenciar, por exemplo, formas masculinas e femininas (*amigo* vs. *amiga*). Se cadra, a diferenciación é a que, desde un punto de vista lingüístico (e, mesmo, para o seu rendemento ecdótico), semella máis aconsellábel, aínda que poden aparecer problemas por canto talvez esa opción obrigue a multiplicar as consideracións semánticas. De todos os xeitos, será unha decisión inducida polo material resultante das concordancias e da ponderación de vantaxes e inconvenientes dunha ou doutra opción.

O glosario, asemade, procurará recoller coa máxima exhaustividade toda a fraseoloxía posíbel, con remisión á palabra-base (*u non jaz al* → *jazer, se-si-assi Deus me-mi perdon* → *perdoar-perdōar*), do mesmo xeito que haberá que multiplicar as referencias internas no caso de optar pola agrupación en entradas únicas para todas as variantes, que talvez sexa a opción máis económica.

4. Estudo sistemático de la lengua lírica trobadoresca gallego-portuguesa. Estabelecido o glosario, poderá abordarse a realización dun estudo lingüístico sistemático, porque, o mesmo que sucede co ‘diccionario’ da escola gallego-portuguesa, acontece algo moi semellante cos estudos lingüísticos do conxunto textual trobadoresco: na súa maioría non pasan de ser aproximacións, de maior ou menor interese, xenéricas e, en xeral, sumamente breves e/ou parciais. Na realidade, o estudo de conxunto máis amplo e documentado é a introdución lingüística de Maria Ana Ramos á antoloxía da lírica gallego-portuguesa realizada por Elsa Gonçalves²³. As demais aproximacións (un breve apartado lingüístico nas *Lições* de Rodrigues Lapa²⁴; artigos sobre aspectos muy concretos –Giuseppe Tavani, José Luís Rodríguez, Mercedes Brea etc.– ou, cando existen, as introducións ou consideracións de tipo

²³ M. A. Ramos, “Nota Lingüística”, in M. A. Ramos – E. Gonçalves, *A lírica gallego-portuguesa*, Lisboa: Comunicação, 1983, pp. 81-118.

²⁴ M. Rodrigues Lapa, *Lições de Literatura Portuguesa. Época Medieval*, Coimbra: Coimbra Editora, 1973, 8ª ed., pp. 209-217.

lingüístico nas edicións críticas de trobadores) xustifican a necesidade de emprender un estudo de conxunto como este.

Para a elaboración do estudo lingüístico (con renuncia expresa a efectuar análises grafemáticas que só serían posibles partindo de transcricións paleográficas), é intención nosa (e de novo nos movemos neste terreo da virtualidade) estratificar o material nos catro niveis de análise tradicionais neste tipo de estudos (fonético-fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e léxico-semántico) con atención ao proceso de variación dunha lingua utilizada ao longo de século e medio de escola galego-portuguesa.

5. Nova revisión textual. Finalmente, a partir do glosario e dos resultados do estudo lingüístico, talvez sexa necesaria unha nova revisión da fixación textual, partindo da hipótese de traballo altamente verosímil de que estes instrumentos permitirán a resolución de non poucos *loci critici* do corpus.

A MODO DE *EXEMPLA*

En relación co traballo xa feito, na segunda parte deste relatorio, queremos expor algunhas cuestións de tipo ecdótico-editorial relacionadas co corpus das cantigas profanas que comeza a transparecer durante o proceso inicial de construción do glosario da nosa lírica. Obviamente, non podemos expor aquí todos e cada un dos problemas que van xurdindo, mais queremos exemplificar sumariamente algunhas das correccións que se deben facer no corpus antes da súa dicionarización.

En primeiro lugar, haberá que incorporar lecturas xa propostas desde hai moito tempo, mais que non foron recollidas na vulgata por partir dunha edición que presenta lecturas incorrectas. Vexamos un único exemplo: no glosario do *Cancioneiro da Ajuda* (s.v. *atar-se*) de Carolina Michaëlis é citado o v. 3 do refrán da cantiga 851 coa lectura correcta, que Nunes editou da seguinte forma:

851 / 8,3 AfPaBra [B855/V441], v. 4:
e d' esto xi mi ven morte, sen poder
que eu aja d' end' al fazer.

Efectivamente, a observación da editora xermano-portuguesa é certa, porque da lección dos manuscritos (<|xi matou / |xi matou / |ximatou / |ximatou> B, <ximatou / |xi matou / |ximatou / ximatou> V) despréndese que a lectura correcta para o verso é a seguinte (cunha utilización de *atar-se* que ten precedentes noutras pasaxes trobadorescas):

e desto xi m' atou morte, sen poder
que eu aja d' end' al fazer.

Por outra parte, un capítulo importante na revisión da textualidade do noso corpus está constituído pola posibilidade de segmentar secuencias de diverso modo, que, en moitas ocasións, afecta á copulativa *e*, aínda reco-

ñecendo que é este un terreo esvaradizo na fixación textual e que diversas posibilidades poden ser consideradas correctas. Entre outros moitos casos, presentamos aquí o seguinte que nos semella evidente. O texto da vulgata, tirado da edición de Fernan Garcia Esgaravunha realizada por Spampinato, é o seguinte:

225 / 43,3 FerGarEsg [A125/B240], v. 2:

Des oge mais ja senpr' eu rogarei
 Deus por mia **morte**, se mi-a dar quiser',
 que mi-a dê cedo, ca m' é mui mester,
 sennor fremosa, pois eu per vós sei / ...

Para nós resulta obvio que é necesario considerar a presenza da conxunción *e* para evitar incoherencia sintáctica na construción do período:

Des oje-mais ja sempr' eu rogarei
 Deus por mia **mort' e**, se mi-a dar quiser,
 que mi-a dé cedo, ca m' é mui mester,
 senhor fremosa, pois eu per vós sei / ...

Noutras ocasións son outros os elementos que interveñen na posíbel segmentación, como de novo acontece no final da cantiga 772 que historicamente sofreu diversas lecturas até a que agora presentamos. Na vulgata, que parte da edición de Nobiling, aparece o seguinte texto:

772 / 70,39 JGarGuilh [B755/V358], v. 19:

E **d' essa** folia toda
ja çafou!
 ja çaf[u] de pan de voda,
ja çafou!

Para alén do penúltimo verso, que presenta unha incorrecta transcripción da lección manuscrita, coidamos que a secuencia editada como *d'essa* debe ser segmentada doutro xeito, de modo que o demostrativo presente é a forma invariábel *esso* e *a* ten de ser o art. de *folia*, pois o significado de *çafar* 'acabar' esixe tal construción:

E **dess' a** folia toda
ja çafou!
 ja çafad' é pan de voda,
ja çafou!

O repertorio de posíbeis e moi probábeis segmentacións alternativas é verdadeiramente amplo: queremos comentar tamén algunhas máis en que interveñen outros elementos. Coidamos que a forma verbal *é* está presente, por exemplo, nunha pasaxe en que se evita a aparición dunha suposta

variante *vivedoire*, con terminación anómala que constituiría unha especie de hapax fonético na edición de Alvar presente na compilación de 1996: 1585 / 126,3 PGarAm [B1575], v. 3:

De Pero Bõo and' ora espantado
de como era valent' e ligeiro,
e **vivedoire** asaz e arrizado; / ...

Confróntese o mesmo texto cunha segmentación diferente:

De Pero Bõo and' ora espantado
de como era valent' e ligeiro,
e **vivedoir'** é as[s]az, e arriçado; / ...

Ao longo do corpus, achamos exemplos diversos que ilustran ben como a vulgata transmite formas que inciden no problema da variación idiomática e condicionan, sen dúbida, calquera estudo de tipo fundamentalmente lingüístico. Un caso ben ilustrativo é a aparición de formas pronominais de terceira persoa *lo(s)-la(s)* con presenza anómala de *-l-* en cantigas alleas ao cancionero de amigo²⁵. É o que ocorre, por exemplo, na cantiga 313, en cuxo v. 16 se recolleu un *catando-la* tirado da edición de D. Carolina Michaëlis que, sen dúbida, debe ser rectificadado segundo a lección dos manuscritos:

313 / 72,14 JLPzUIh [A202/B353], v. 16:

Por mal de min og' eu o logar vi
per u ira, se ousasse, alá;
pero m' ela non fez ben, nen fara,
catando-la direi-vus que fiz i: / ...

Coidamos que a solución, de acordo con <catandala> A, <catã / Dala> B, é a seguinte:

Por mal de min oj' eu o logar vi
per u irã, se ousasse, ala,
pero m' ela non fez ben nen fara;
catand' ala direi-vos que fiz i: / ...

Ao longo da vulgata, por outra parte, pódese detectar moi esporadicamente forma contracta *ò* como hipotética evolución de *ao* xa presente nos textos trobadorescos a partir de fixacións textuais cando menos discutíbeis. Como exemplificación do que acabamos de afirmar, entre outros casos posíbeis, queremos citar un único exemplo, que debe ser rectificadado, pois suporía non só a existencia na lingua trobadoresca dunha forma que, en principio,

²⁵ Vid. M. Ferreiro, “Una anomalía en la lengua trovadoresca gallego-portuguesa: sobre los casos de conservación de *-l-* intervocálica”, *Medievalia* [no prelo].

é allea a ela, mais tamén un moi anómalo uso da prep. *a* con O. D. na obra de Pero Garcia d'Ambroa, editada por Carlos Alvar:

1251 / 126,1 PGarAm [B1235/V840], r2:

Ai meu amigo, pero vós andades
 jurando sempre que mi non queredes
 ben ant' as donas, quando as veedes,
 entenden elas ca vós pe[r]jurades
*e que queredes a mí tan gran ben
 com' elas queren òs que queren ben.*

Por outra parte, a nivelación lingüística que se percibe en diversas edicións é outra eiva que afecta á textualidade trobadoresca. De novo, seleccionamos exemplos de modificacións das leccións manuscritas que condicionan inevitabelmente calquera estudo do corpus. Xa non é que, perante a disidencia entre manuscritos, o editor ou editora (neste caso, D^a. Carolina) opte pola forma máis xeral *ainda*, por exemplo na cantiga 70 / 151,29 VaFdzSend [A7/B97]), v. 9 <e inda> A, <añda> B; mais tamén se chega a modificar a lección <eynda> de BV para a acomodar á forma xeral ocultando unha de tantas variacións lingüísticas na lingua dos nosos trobadores, como acontece na edición lapiana, fonte da vulgata para os textos de Estevan da Guarda:

1342 / 30,22 EstGuar [B1325/V931], v. 11:

mais das outras que lh' andan en conrairo,
 cujo poder **einda** sobr' el dura,
 per ña d' elas foi mui mal chagado
 e pela outra cobrou priorado,
 u ten lazeira en logar de cura.

Igual que acontece con *ainda* / *einda* ocorre con outras variantes ou formas minoritarias. Un exemplo tamén significativo é o da prep. *pera*, forma xeral na lingua trobadoresca, que pode presentar a variante *pora*, presente tamén na prosa da época mais practicamente ausente da vulgata por acción dos editores alí recompilados, que tenden a interpretar doutro xeito algunha secuencia en que se pode rexistrar esta forma. A pesar de se documentar *pora* en dúas pasaxes de Vasco Fernandez de Sendin (61 [B88], v. 3; 71 [A8/B98], v. 6), non foi considerada nunha cantiga de Joan Garcia de Guilhade, nin na edición de Nobiling²⁶ nin na edición lapiana, incorporada á vulgata:

1517 / 70,34 JGarGuilh [B1498/V1108], v. 4:

Nunca [a]tan gran torto vi
 com' eu prendo dun infançon;
 e quantos ena terra son

²⁶ Vid. O. Nobiling (ed.), *As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade e estudos dispersos* (ed. de Y. Frateschi Vieira), Niterói: EdUFF, 2008, p. 199.

todo-lo tõe **por assi:**
o infançon, cada que quer,
vai-se deitar con sa molher
e nulha ren non dá por mi!

Coidamos que a correcta edición deste verso é a seguinte, dada a inexistencia do sintagma *por assi* no corpus trobadoresco:

Nunca [a]tan gran torto vi
com' eu prendo d' un infançon,
e quantos ena terra son
todo-lo teen **pora si:**
o infançon, cada que quer,
vai-se deitar con sa molher
e nulha ren non dá por mí.

O importante capítulo referido ás formas verbais, por outra parte, subministra abondosos casos de variación nas diversas edicións a respecto da lección dos manuscritos, de modo que non é infrecuente localizar modificacións de tempos verbais. Mais para alén disto, con frecuencia os editores semellan mostrar un aparente rexeitamento de formas minoritarias; imos expor aquí só un exemplo significativo que fai referencia á variante *éste*, concorrente con *é*, forma xeral e maioritaria na lingua trobadoresca²⁷. No texto que agora presentamos, a ausencia de *éste* é certamente sorprendente nunha estrofa de Pero da Ponte, onde foi considerada forma demostrativa:

987 / 120,30 PPon [B985/V572], v. 5:

O muy bon Rey que conquis a fronteyra
e acabou quanto quis acabar
e que se fez, con razon verdadeyra,
[en] todo o mundo temer e amar,
este bon Rey de prez, valent' e fis,
rey don Fernando, bon Rey que conquis
terra de mourus ben de mar a mar.

Coidamos que resulta imprescindíbel a forma *éste* para dotar a estrofa de verbo principal:

O mui bon rei que conquis a fronteira
e acabou quanto quis acabar
e que se fez con razon verdadeira
[en] todo o mundo temer e amar
éste bon rei de prez, valent' e fis,

²⁷ Vid. M. Ferreiro, "A forma verbal *éste* na lírica profana galego-portuguesa", *Revista Galega de Filoloxía*, 9, 2008, pp. 57-78.

rei don Fernando, bon rei que conquis
terra de mouros ben de mar a mar; / ...

Noutras ocasións, localizamos pasaxes en que a forma verbal editada non se corresponde (polo menos parcialmente) coa lección manuscrita nin tampouco coa lingua da época. Como é sabido, o verbo *arder* era irregular (*arço*, *ardes* etc.) pola acción do iode na P1 do presente de indicativo (<ARDEO) e mais en todo o presente de subxuntivo (<ARDEAM etc.), aínda que modernamente a súa conxugación se teña nivelado analoxicamente. Pois ben, no v. 6 da cantiga 882, a edición de referencia, mellorando extraordinariamente a versión de Nunes (*atee mh-afrijo moyto...*)²⁸, considera unha inexistente forma *ard'* (“ard’ e”) a partir <Arce> B e <aree> V:

882 / 94,12 MartMo [B891/V475], v. 6:

pero aven que algũa sazón
arç' e mi afog' e moiro porque non
senç' u me dol nen sei en que travar.

Nesta reducida selección de exemplos, aínda queremos exemplificar cun outro caso en que a edición tradicional oculta o uso de descendentes de SEDERE por unha decisión editorial certamente discutíbel. Referímonos á forma *sé* (<SEDET > see)²⁹, documentada en diversas pasaxes e, sen dúbida, tamén en Don Denis, reconvertida en crase do pron. *se* cunha forma *é* na edición de referencia utilizada na vulgata:

618 / 25,80 Den [B601/V204], v. 15:

De vos em pesar dereito per é,
ca diz de mim gram mal, per bõa fe,
e de vós, amiga, cada u s' é
falando; ca diz que lhi fiz eu bem
e ca vós soubestes todo com' é;
de que eu nem vós nom soubemos rem.

E máis sorprendente aínda resulta unha ficticia forma *perdei* de P1 de pretérito (*perdi* en Nunes³⁰, lingüisticamente correcta mais con ruptura do esquema métrico) considerada en Pero Amigo de Sevilha contra a lección manuscrita, que debería ser interpretada sen problemas, para alén da hipermetría do verso que podería ser resolvida doutro modo. Véxase a edición de referencia:

1099 / 116,30 PAmigo [B1097/V688], v. 17:

²⁸ Cf. J. J. Nunes (ed.), *Cantigas de Amor dos Trovadores Galego-Portugueses*, Lisboa: Centro do Livro Brasileiro, 1972 [1932, 1ª ed.], p. 296.

²⁹ Así foi tamén considerado en Montero Santalla, *As Rimas da Poesía Trovadoresca*, pp. 424 e 1.637.

³⁰ Vid. Nunes (ed.), *Cantigas de Amor*, p. 473.

Ca hinda m' eu ant' a [vi]ver cuydava,
mays sey que non vyverei des aqui,
e non por al se non porque a vi;
aquesta vez que con ela faley,
que non falasse! poy por én **perd[e]i**
tod' aquilo que ant' eu receava.

Coidamos que a secuencia en causa (<p ela pdi> BV) se pode resolver de maneira máis natural coa seguinte proposta, cunha inevitábel emenda obrigada polo esquema rimático³¹:

Ca inda m' eu ant' a [vi]ver cuidava,
mais sei que non viverei des aqui,
e non por al senon porque a vi
aquesta vez que con ela falei
–que non falasse!–, pois por ela **per-ei**
tod' aquilo que ant' eu receava.

E no ámbito lexical, a exemplificación podería ser realmente abundosa, pois son moitas as decisións editoriais que interveñen, por lapso ou por outras razóns, nas leccións manuscritas, de modo que se poden localizar alternativas como as seguintes: *catar* vs. *pecar* (293 / 141,7 RoEaRed [B333], v. 10), *nações* vs. *jurações* (336 / 131,9 PMaf [B374], v. 3), *avogar* vs. *averiguar* (6 / 13,2 AiMoAsm [B6], v. 32), *oder* vs. *coser* (1360 / 87,8 LoLias [B1343/V950], r2), *temer* vs. *teer* (1341 / 30,7 EstGuar [B1324/V930], v. 15), *vedo* vs. *medo* (1440 / 77,10 JServ [V1030], v. 20), *numes* vs. *sinaes* (1535 / 56,10 GilPrzCo [B1516], v. 5)...

En fin, deixando aínda para outra ocasión o problema levantado polos hapax ou formas con escasa documentación, que requiren un traballo específico, estamos convencidos de que a revisión dos manuscritos, xunto coa ponderación das diversas edicións, deita resultados que afectan profundamente á elaboración do glosario, por canto a lectura atenta dos cancioneiros leva consigo modificacións sobre leccións tradicionalmente divulgadas e aparentemente consolidadas.

FINAL

Como se pode apreciar, estamos nas primeiras fases do proxecto, de modo que a ordenación e nivelación gráfica das cantigas está realizada, ao tempo que se comezou o lento proceso de revisión ecdótica. E o programa informático está a ser construído e testado, aínda que podemos adiantar

³¹ Vid. tamén Montero Santalla, *As Rimas da Poesía Trobadoresca*, pp. 561 e 1.646.

polas probas feitas que as concordancias sen elaborar ocuparán máis de 7400 páxinas, cun total de 46.607.872 bytes e 44,4 MB.

En calquera caso, para alén da elaboración do glosario, é moito aínda o traballo que fica por facer, convencidos de que é fundamental a consecución dunha textualidade máis apurada, talvez con poucas innovacións espectaculares mais que en conxunto supoñen unha certa variación con relación á tradicional, de modo que se poida percibir toda a variación existente dentro da fundamental unidade da lingua da lírica profana galego-portuguesa.

Nisto estamos, sabedores de que o produto final será necesariamente provisorio, como case todo nesta vida, mais coa intención de ofrecer á nación galega en xeral e, máis en concreto, á comunidade investigadora, un instrumento que permita unha mellor avaliación, estudo e disfrute do noso pasado literario.

E é, finalmente, intención deste proxecto a divulgación dos resultados por estratos sucesivos, de modo que despois dunha primeira versión do glosario –que se poderá consultar electronicamente–, irase completando e aperseizando coa introdución de variantes significativas e, mesmo, coa posibilidade de recoller variantes gráficas nas entradas. Non deixamos de movernos no terreo da virtualidade e da posibilidade, de modo que, se cadra, mesmo a realidade podería impor a realización do proxecto por etapas; isto é, primeiramente o cancionero amoroso e despois o satírico, por evidentes razóns de dificultade.

De calquera maneira, o proxecto está en marcha cun horizonte cronolóxico razoábel, mais, sobre todo, coa ilusión de podermos contribuír ao avance dos estudos sobre unha parte fundamental da memoria literaria da nación galega.

BIBLIOGRAFÍA

- Arbor Aldea, M., *O cancionero de don Afonso Sanchez. Edición e estudio*, Santiago de Compostela: Universidade, 2001.
- Arias Freixedo, X. B. – X. M. Gómez Clemente, “Publicacións sobre literatura medieval galega”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, Vigo: Galaxia, 2007, pp. 179-186.
- Brea, M. (coord.), *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996.
- Cohen, R. (ed.), *500 Cantigas d’Amigo*, Lisboa: Campo das Letras, 2003.
- Ferreiro, M., “A forma verbal *éste* na lírica profana galego-portuguesa”, *Revista Galega de Filoloxía*, 9, 2008, pp. 57-78.
- , “Una anomalía en la lengua trovadoresca gallego-portuguesa: sobre los casos de conservación de -l- intervocálica”, *Medievalia*, 2010 [no prelo].
- - C. P. Martínez Pereiro – L. Tato Fontaiña (eds.), *Normas de edición para a poesía trovadoresca galego-portuguesa / Guidelines for the Edition of Medieval Galician-Portuguese Troubadour Poetry*, A Coruña: Universidade, 2007.
- - C. P. Martínez Pereiro – L. Tato Fontaiña (eds.), *A edición da Poesía Trovadoresca en Galiza*, Coruña: Baía, 2008
- Fregonese, R. (ed.), Joham Vaazquiz de Talaveyra, *Poesie e tenzoni*, Milano: Spolia, 2007.
- González Seoane, E. (dir.) – M. Alvarez de la Granja – A. I. Boullón Agrelo, *Dicionario de dicionarios do galego medieval*, Santiago de Compostela: Universidade, 2006.
- Lapa, M. Rodrigues, *Lições de Literatura Portuguesa. Época Medieval*, Coimbra: Coimbra Editora, 1973⁸.
- (ed.), *Cantigas d’Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*, Vigo: Galaxia, 1970².
- Lorenzo, R. (ed.), *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Vol. II: *Glosario*, Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, 1974.
- Magne, A. (ed.), *A Demanda do Santo Graal*. Vol. III: *Glossário*, Rio de Janeiro: Imprensa Nacional, 1944.
- Mettmann, W. (ed.), Afonso X, o Sábio, *Cantigas de Santa Maria*. Vol. IV: *Glossário*, Coimbra: Universidade, 1972.
- Michaëlis de Vasconcelos, C., “Glossário do Cancioneiro de Ajuda”, *Revista Lusitana*, XXIII, 1-4, 1920, pp. 1-95.
- (ed.), *Cancioneiro da Ajuda*, Halle a. S.: Nimeyer, 1904. (Reimpr. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1990).
- Miranda, J. C. Ribeiro, *Aurs mesclatz ab argen. Sobre a primeira geração de trovadores galego-portugueses*, Porto: Guarecer, 2004.
- Montero Santalla, J. M., *As Rimas da Poesía Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*, A Coruña: Universidade, 2000 [Tese de doutoramento inédita].

- Nobiling, O. (ed.), *As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade e estudos dispersos* (ed. organizada por Y. Frateschi Vieira), Niterói-RJ: EdUFF, 2008.
- Nunes, J. J. (ed.), *Cantigas de Amor dos Trovadores Galego-Portugueses*, Lisboa: Centro do Livro Brasileiro, 1972 [1932, 1ª ed.].
- (ed.), *Cantigas de Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*, Lisboa: Centro do Livro Brasileiro, 1973 [1928, 1ª ed.].
- Paredes, J. (ed.), *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio*. Edición crítica con introducción, notas y glosario, Roma: Japadre, 2001.
- Piccat, M. (ed.), *Il canzoniere di Don Vasco Gil*, Bari: Adriatica Editrice, 1995.
- Ramos, M. A., “Nota Lingüística”, in M. A. Ramos-E. Gonçalves, *A lírica galego-portuguesa*, Lisboa: Comunicação, 1983, pp. 81-118.
- Rodriguez, J. L., “Castelhanismos no galego-português de Afonso X”, *Boletim de Filologia*, XXVIII, 1983, pp. 7-19.
- Sodré, P. R. (ed.), *Um trovador na berlinda: As cantigas de amigo de Nuno Fernandez Torneol*, Cotia/SP: Íbis, 1998.
- Tato Fontaíña, L. (ed.), *O Cancioneiro de Pero Mendiz da Fonseca*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2007.
- Vallín, G. (ed.), *Las cantigas de Pay Soarez de Taveirós*, Barcelona: Universidad Autónoma, 1995.
- Víñez Sánchez, A. (ed.), *El trovador Gonçal'Eanes Dovinhal. Estudio histórico y edición*, Santiago de Compostela: Universidade, 2004.
- VV.AA., *Cantigas do Mar de Vigo. Edición crítica das cantigas de Meendinho, Johan de Cangas e Martin Codax*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998.